

PRÁCTICA Nº :OBSERVACIÓN DO ADN

OBXECTIVO:

- Reflexionar sobre facilidade do proceso de extracción de ADN.
- Establecer un protocolo que nos permita obter ADN mediante elementos da casa.

MATERIAL NECESARIO

- Mostra a extraer: fresa , tomate , kiwi..., incluso da nosa boca
 - Sal
 - Lavavavaixelas o deterxente líquido
 - Alcohol 96°
 - Auga destilada ou mineral
 - Una cuchara sopera
- Vasos
Una varilla fina

PROCEDIMIENTO

- En primeiro lugar, debemos obter unha mostra a partir da cal poder obter ADN. Se empregamos o noso propio ADN , debemos enxuagar a boca con auga durante 30-40 segundos e verte o o que tes na boca de novo no vaso.
- A continuación, procederemos a preparar as dilucións que empregaremos despois
 - . Por un lado, debemos verter nun vaso unhas 5 cucharadas soperas (uns 120 ml) de auga destilada ou mineral xunto con media cucharada sopera de sal común e remover ata disolver a sal.
 - Noutro vaso, mestruamos unha cucharada de lavavaixelas ou deterxente líquido xunto a 3 cucharadas de auga destilada ou mineral.
- Tras preparar as disolucións, engadimos dúas cucharadas de zumo de piña ao enxuague e removemos para homoxenizar.
- Unha vez preparado todo, engadimos unha cucharada sopera da solución salina e outra da mestura de lavavaixelas ao vao onde se atopa o enxuague xunto co zumo de piña
- Para finalizar o proceso procederemos a engadir o alcohol (o dobre de volume de alcohol que de mestura), para isto é **moi IMPORTANTE que vertamos dito alcohol lentamente polas paredes** do vaso para evitar que se mesture e conseguir dúas capas ben diferenciadas, xa que será nesta separación entre a capa de mestura e de alcohol donde precipite o ADN.
- Deixa reposar uns minutos, veremos como van aparecendo nesa interfase pequenos fios o fibras blanquecinas (o noso ADN). Para poder extraelo con facilidade, empregaremos unha varilla fina.
- Deberías conseguir unha imaxe parecida a esta :

